

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro        | Concello  | Ano académico |
|----------|---------------|-----------|---------------|
| 32015475 | IES O Ribeiro | Ribadavia | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza                        | Nome da área/materia/ámbito              | Curso  | Sesións semanais | Sesións anuais |
|----------------------------------|--|--------|------------------|----------------|
| Educación secundaria obrigatoria | Educación plástica, visual e audiovisual | 3º ESO | 2                | 70             |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 5             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 6             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 14            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 15            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 16            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 17            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 18            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 19            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 20            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 21            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 22            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 23            |
| 9. Outros apartados   | 24            |

## 1. Introducción

Esta materia impártese en todos os centros de Secundaria de Galicia, xa que forma parte da etapa obrigatoria, polo que ten unha gran importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas.

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais.

É imprescindible que o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. Esta materia colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria.

A materia impártese nos cursos de primeiro e terceiro da ESO e dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle ao alumnado: seguir aprofundando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en vañlor; poñer en práctica da expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A materia ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|---|-----|----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación. | 1   | 3  |      |     | 1-3   | 1-2 |    | 1    |
| OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.                                 | 1   |    |      |     | 1-3   | 1-3 |    | 1-3  |
| OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.  | 1-2 |    |      | 1   | 4     | 1-3 |    | 2    |
| OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.  | 2   | 3  |      | 1-2 | 3     | 3   |    | 2    |
| OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.  | 1-2 |    |      |     | 1-3-4 | 3   |    | 3-4  |
| OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.   | 2   |    |      | 1   | 3     | 1   |    | 1-3  |

| Obxectivos   | CCL | CP | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE  | CCEC |
|--|-----|----|------|-----|-------|-----|-----|------|
| OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico. | 2-3 |    | 3    | 1-5 |       | 1-3 |     | 4    |
| OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.   | 1   |    | 2-3  | 3   | 3-5   |     | 1-3 | 4    |

### Descrición:

#### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título   | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego. | Os distintos xéneros artísticos e as manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.   | 5              | 4          | X        |          |          |
| 2  | A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural.   | A xeometría na natureza, na arquitectura e no deseño de obxectos cotiáns. Xeometría plana. Introducción ás tanxencias e enlaces.  | 10             | 8          | X        |          |          |
| 3  | Sistema diédrico: vistas.  | Introdución aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.  | 10             | 8          | X        |          |          |
| 4  | Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva. A percepción visual.                       | Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. A composición: conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores. | 15             | 10         |          | X        | X        |
| 5  | O proceso creativo.  | Factores e etapas do proceso creativo. O esbozo. Elección de materiais e técnicas. a realización a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.   | 15             | 8          | X        | X        | X        |
| 6  | Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas  | Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.   | 15             | 12         | X        | X        | X        |

| UD | Título  | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 6  | dimensións.   | Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo. O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.  | 15             | 12         | X        | X        | X        |
| 7  | Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións. | O volume: exemplos e características expresivas.   | 15             | 10         |          | X        | X        |
| 8  | Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.                | Lectura e análise da imaxe visual e audiovisual. Imaxe en movemento. O cine e a animación: características, orixe e evolución. Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe. | 15             | 10         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|--|----------|
| 1  | Os xéneros artísticos. Manifestacións culturais e artísticas. Particularidades do patrimonio artístico galego. | 4        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|---|--|----|-----|
| CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero. | Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto. | TI | 100 |
| CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.  | Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte e a súa conservación.  |    |     |
| CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.   | Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.   |    |     |
| CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.   | Coñecer diversas propostas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.  |    |     |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta. | Saber expresar minimamente, dun xeito aberto e respectuoso, as emocións e a satisfacción que emanan da percepción dunha obra de arte.  |    |   |
| CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.   | Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xéneros artísticos.</li> <li>- Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.</li> </ul> |

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|--|----------|
| 2  | A xeometría nos obxectos, na arte e na contorna natural. | 8        |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA2.4.1. - Realizar proxectos gráficos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa no emprego dos principios xeométricos.   | Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte.  | PE | 20 |
| CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.  | Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna.   |    |    |
| CA3.3.1. - Utilizar con creatividade os exemplos xeométricos presentes na contorna, tanto naturais como arquitectónicos, artísticos ou pertencentes ó ámbito do deseño.   | Utilizar con fins creativos exemplos xeométricos da nosa contorna e aplicarlos a producións novedosas propias.   |    |    |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.     | TI | 80 |
| CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.                               | Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación e da xeometría, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese. |    |    |

| Crterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA      | % |
|---|--|---------|---|
| CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Recoñecer os distintos usos e funcións que nos ofrece a xeometría e argumentar acerca das oportunidades que pode xerar cunha actitude aberta e con curiosidade por coñecer a súa importancia na sociedade. |         |   |
| CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.   |  | Baleiro | 0 |
| CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.                  |  |         |   |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.  |  |         |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns.</li> <li>- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.</li> </ul> |

| UD | Título da UD              | Duración |
|----|---------------------------|----------|
| 3  | Sistema diédrico: vistas. | 8        |

| Crterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia. | Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación. Coñecer os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese a través da práctica de exercicios do sistema, neste caso diédrico. | PE | 20 |



| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal e, nun futuro, profesional.  | TI        | 80       |
| CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.     | Recoñecer, dun xeito básico, os diferentes usos que pode ter os sistema diédrico e a croquización a partir das vistas. Argumentar sobre as posibilidades técnicas que poden xerar con interese por coñecer a importancia do debuxo técnico e os sistemas de representación na sociedade. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico. |
| - Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.   |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>  | <b>Duración</b> |
|-----------|--|-----------------|
| 4         | Elementos de configuración visual e a súa organización compositiva. A percepción visual. | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.                              | Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias. | TI        | 100      |
| CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica. | Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.  |           |          |
| CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.                             | Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.   |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas. | Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.</li> <li>- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.</li> <li>- A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5         | O proceso creativo. | 8               |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.  | Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese. |           |          |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.   | Expresar mínimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.                                   |           |          |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.   | Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.  | TI        | 100      |
| CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica. | Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas.       |           |          |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|--|-----------|----------|
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. |
| - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.           |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b>   | <b>Duración</b> |
|-----------|---|-----------------|
| 6         | Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións. | 12              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.  | Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas en dúas dimensións, secas e húmidas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese. | TI        | 100      |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.   | Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.  |           |          |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.   | Saber utilizar, dun xeitos sinxelo, con creatividade, referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.  |           |          |
| CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica. | Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas para poder xerar mensaxes propias, axustándose ao solicitado.   |           |          |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. |

| UD | Título da UD  | Duración |
|----|---|----------|
| 7  | Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en tres dimensións. | 10       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.  | Diferenciar mínimamente as características dos distintos sistemas de representación, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.            | TI | 100 |
| CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.   | Explicar minimamente o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respectuosa coa diversidade cultural.  |    |     |
| CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.   | Saber utilizar con creatividade referencias artísticas e culturais da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.  |    |     |
| CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica. | Realizar un proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.                                     |    |     |
| CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.  | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal. |    |     |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar.</li> <li>- Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.</li> </ul> |

| UD | Título da UD   | Duración |
|----|--|----------|
| 8  | Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación. | 10       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %   |
|---|---|----|-----|
| CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.   | Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.   | TI | 100 |
| CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.                           | Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas audiovisuais e as súas linguaxes, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.  |    |     |
| CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.   | Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.   |    |     |
| CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.        | Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.  |    |     |
| CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade. | Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade. |    |     |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | % |
|---|--|----|---|
| CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen. | Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal. |    |   |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.</li> <li>- Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación.</li> <li>- Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual de 3º da ESO é unha continuidade e ampliación do currículo de 1º e terá algúns contidos comúns a materias como Matemáticas e Tecnoloxía especialmente nos referidos á xeometría.

Seguiremos introducínolos no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, repasando as obras máis representativas da historia da arte. Tamén profundizar nos mecanismos que nos permiten trasladar, desde a normalización e os sistemas de representación, os obxectos imaxinados ou reais ao papel ou á pantalla. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado, nalgunha ocasión, a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual podemos utilizar distintas metodoloxías. Velaquí algunhas suxestións:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- 2) Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- 3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- 4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado.
- 5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.

6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.

7) Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
- Os bosquejos previos e definitivos.
- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, na consecución da adquisición das competencias clave, a través da avaliación dos criterios establecidos mediante unha rúbrica, onde figurará unha ponderación en cada apartado.

O alumnado poderá participar na selección das actividades a realizar, sempre que as súas propostas respondan aos obxectivos dos bloques de contidos.

#### UNIDADES DIDÁCTICAS TRANSVERSAIS

En canto ao propio currículo deste curso, nesta materia, consideramos que as unidades didácticas referidas ó proceso creativo e ás técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas en dúas dimensións, deben darse nos tres trimestres. Deste xeito, coa alternancia de contidos, os elementos curriculares trabállanse de diferente xeito e se estenden máis no tempo, axudando á adquisición dos procedementos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Mobiliario axeitado para un taller artístico escolar: vertedoiro e billas, mesas amplas, andeis para gardar materiais e expoñer traballos e poder comentalos. |
| Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.   |
| Aula informática do centro.   |
| Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.  |
| Materiais pictóricos funxibéis: carbón, lapis conté, sanguina, pinturas acrílicas ou témperas coas cores primarias, branca e negra.                           |
| Materiais para estampa e gravado.   |
| Materiais para modelado.  |
| Libros de arte para poder consultar, tanto de temas técnicos como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc   |
| Recursos de internet como páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.  |

Cando sexa posible, a materia impartirase nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc.

O alumnado deberá aportar material propio, aínda que na aula poderá estar dispoñible algún deste material para uso do alumnado, de ser necesario:

- Láminas de debuxo e técnicas húmidas DIN A4.
- Lapis de diferentes durezas, afialapis e goma branda.

- Tesoiras e pegamento.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos.
- Regra, escadra e cartabón.
- Compás.
- Carpeta sinxela de gomas con solapas, tamaño DIN A4.

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotiá, etc. Poderán ser aportados polo alumnado, así como contar con eles na aula.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

### 1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliación inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar e a organización da aula, así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

### 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliación inicial, coincidinte coa de calquera proceso de avaliación, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, probas en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

### 3. TOMA DE DECISIONS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, compañeiros/as de pupitre e lugar na aula, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, cambios na temporalización, organización da avaliación...



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1     | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | Total      |
|-----------------------------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>5</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>15</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 0        | 20        | 20        | 0         | 0         | 0         | 0         | 0         | <b>4</b>   |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 100      | 80        | 80        | 100       | 100       | 100       | 100       | 100       | <b>96</b>  |

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 80%.

No caso de facer algún traballo de maior importancia, a profesora indicará o peso de dito traballo na cualificación da avaliación.

Os traballos propostos son de carácter obrigatorio, agás os de ampliación. Os traballos deberán ser presentados na data indicada pola profesora, cos datos do alumno/a (nome e apelidos, curso e número) de forma clara (sen tachaduras, típex, e nada que se preste a equívoco); de non aparecer estes ou non reunir as condicións adecuadas, o traballo darase por nulo. Tamén deben ser orixinais, se fosen copiados de internet, doutra fonte ou dalgún compañeiro/a, terán a cualificación de 0.

Os traballos entregados un día fóra de prazo, terán unha diminución dun terzo da nota; despois non se recollerán, polo tanto terán unha valoración de 0 para a media cos demais exercicios. Isto non é de aplicación cando a falta de asistencia estea xustificada documentalmente, recolléndose o traballo cando o/a alumno/a se incorpore.

Ó final de cada avaliación o alumnado deberá presentar todos os traballos desenvoltos ó longo do trimestre, con independencia de que estes foran previamente avaliados e cualificados. Ditos exercicios deberán estar correctamente conservados e presentarse con limpeza e orde. O extravío, perda ou ausencia de calquera exercicio implicará a cualificación automática de 0 nese traballo. Cando por calquera circunstancia un alumno ou alumna extravíe un exercicio, deberán repetilo na casa e achegalo de novo. Aqueles/as alumnos/as que non entreguen ningún traballo da avaliación, que os presenten fóra de prazo ou nun formato inadecuado, acadarán unha nota de 1 na correspondente avaliación.

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, proceso de aplicación das técnicas, materiais, precisión, limpeza, etc. Os traballos deben facerse na aula, onde permanecerán a disposición da profesora, aínda que ás veces o alumnado poderá rematar certas actividades na casa, baixo a supervisión da profesora.

b) A través de probas escritas, nas unidades didácticas que así o requiran. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 20%.

Cando nunha avaliación non se realizasen probas escritas, o peso porcentual dos traballos teóricos e prácticos na nota de dita avaliación, será do 100%.

#### CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá na media aritmética das cualificacións obtidas en cada un dos trimestres.

#### **Criterios de recuperación:**

##### RECUPERACIÓN Ó LONGO DO CURSO:

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado deberá repetir os traballos suspensos e os non entregados anteriormente. Ditas entregas faranse en cada trimestre nas datas indicadas pola profesora.

No caso de non ter superada a avaliación pola cualificación da proba escrita, farase unha nova proba escrita de recuperación.

Para o cálculo da media, a nota dos traballos e probas repetidas substituirán ás anteriores. Mantéñense as mesmas porcentaxes de valoración indicadas nos criterios de cualificación.

##### RECUPERACIÓN FINAL:

Ao final do terceiro trimestre, no caso de non ter superada a materia, o alumnado poderá presentarse a unha avaliación final que consistirá en:

a) Elaboración e presentación dos traballos propostos ó longo do curso que a profesora indicará como "básicos", que non acadaron a cualificación de aprobado ou non foron entregados anteriormente. A nota deste apartado será a media destes traballos (respectando os pesos relativos por avaliación e o peso maior dun traballo se así se indicou durante o curso). Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores, e os que non se presenten valoraranse cun 0. Peso porcentual na nota: 40%.

b) Proba escrita sobre todos os bloques de contidos do curso. Peso porcentual na nota: 60%.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

#### SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico.

O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais convocando ó alumnado a través da aula virtual e especialmente a través dos titores que poden servir de estímulo para non abandonar estas materias que non se cursan.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media aritmética das 3 entregas ou avaliacións.

#### PROBA FINAL:

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado deberá presentarse a unha proba final, na que se avaliará o grao de consecución dos contidos mínimos esixibles.

Neste caso, a cualificación final do curso será o 100% a nota desta proba.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidades. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrontarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específico de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalescente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

#### MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito máis global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.

- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

#### MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos en pequenos grupos, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos complicados.

- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardiamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardiamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.

- Non podemos esquecer a importancia da acción tutorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura.                   | X    |      |      |      | X    |      |      | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita.                 | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual.                 | X    |      |      |      | X    |      |      | X    |
| ET.4 - Competencia dixital.                      | X    |      |      |      | X    |      |      | X    |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial.       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico. | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores.         | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Igualdade de xénero.                      | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Creatividade.                             | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.10 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

### Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos esenciais para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico, así como as entregas de tarefas en prazo e forma.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade  | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.             | Os museos albergan, cada vez máis, coleccións e exposicións permanentes e temporais relacionadas con diferentes disciplinas artísticas que son interesantes para o noso alumnado. |          |          |          |
| Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado. | Charlas impartidas por todo tipo de profesionais que teñan certo interese no noso alumnado.   |          |          |          |
| Participación en premios e certames artísticos                                  | Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan no futuro a facelo, tamén.   |          |          |          |

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Realización de proxectos do departamento e interdisciplinares. | Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica, os proxectos competenciais ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros.. |          |          |          |

### Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ó longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ó inicio do curso académico.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| (P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións e propostas de mellora.  |
| (P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome.  |
| (P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación especialmente os criterios de avaliación.  |
| (M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretar, tomar decisións, crear, razoar, explicar aos demais, etc.                     |
| (M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.  |
| (M) Como paso as horas lectivas: Intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / observando / corrixindo ao alumnado de xeito individual.   |
| (M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.  |
| (M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...  |
| (AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitama o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitanma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...) |
| (AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.  |
| (AD) A miña programación ten en conta a diversidade.  |
| (A) Utilizo diferentes tipos de probas: Exames escritos / Exames orais / Traballo individual / Traballo en equipo.  |

|  |
|--|
| (A) Que teño en conta para medir os resultados?: A nota final / O avance, tendo en conta a situación de partida.   |
| (A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.  |
| (A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.   |
| (M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / Por parellas / En grupos reducidos / En grupos grandes.   |
| (AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.  |
| (AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.   |
| (A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.  |
| (A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: non / de xeito individual / en grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / co alumnado. |

### Descrición:

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento. Unha vez analizados os resultados do curso pasado debemos revisar os criterios de avaliación para confirmar que se adaptan ás recomendacións pedagóxicas.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;

- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

Non debemos esquecer que a nosa programación debe poder ser consultada polo alumnado e, especialmente, os criterios de avaliación deberán estar accesíbeis na aula virtual, no taboleiro da aula, na web, ou entregados en papel.

## **9. Outros apartados**